

CONTRA A LUZ

LEE MANUEL, adestrador somalí, Vigo

"Son mulleres traballadoras. Algunhas con fillos. Veñen a entrenar case todos os días, practican un dos deportes cecais máis antigos do mundo: O boxeo. Un deporte aínda prohibido para elas nos Xogos Olímpicos, onde só admiten homes"

Irmáns PLANAS, adestradores, A Coruña:

"Son xente normal... boa xente. Natural e pacífica... Algunha xa é campeona de España"


PACO AMOEDO, adestrador, Vigo

"Eu o principio non quería nada de mulleres, cando chegou Judith, coa súa nai, lle dixen que eu non me facía cargo,... onde se vira que unha muller practicara boxeo"

JUDITH BARBOSA, boxeadora:

"Tiven que insistir moito. Eu viña de estar tres anos na Guardia Real. E aínda sigo no exercito. Coñecin os reyes, os príncipes... pero Madrid non era para min"

OLALLA CRUCES, en solitario, desprega furiosos golpes ao vacío, Adéstrase fronte a un gran ventanal do xinnasio de Lee Manuel. A luz o invade todo. Os golpes, coa sombra que xeneran, mesmo parece que impactan contra a luz.



BOXEO